

	<p>CENTRO LABORAL LAMASTELLE Servicio Laboral-Ocupacional y de Apoyo Personal y Social a Personas con Discapacidad Intelectual</p>	<p>PROTOCOLO DE INSERCIÓN LABORAL</p>	Pagina número 1 de 1
Av. Rosalía de Castro, 12 C. P. 15173-Oleiros Tfno.- 981-61.08.50 / Fax.- 981-63.13.93 e-mail: lamastelle@aspronaga.net Web corporativa: aspronaga.net	Código del Documento	Edición	
	CLL4-D-2	1	

1º) Para facilitar a integración laboral a USUARIOS QUE DEMANDAN EMPREGO:

Usuarios do Centro Laboral que demandan emprego en empresa externa.

O equipo técnico (psicóloga, traballadora social) contacta con:

- o Servizo Galego de Colocación de FADEMGA, que realiza o usuario unha entrevista e inclúeo na súa base de datos de demandantes de emprego para integración laboral en empresa ordinaria, e/ou

- COGAMI, realiza o mesmo proceso anterior, aínda que a súa base de demandantes de emprego vai dirixida de forma máis específica, a centro especial de emprego (Fornos Lamastelle).

Con respecto a Fornos, realízase un labor paralelo de concienciación co xerente e o responsable de fábrica; preséntaselle ao usuario demandante e ofrécese o apoio do equipo para realizar unha proba.

As demandas de emprego dos usuarios en empresa externa recolleranse na Base de Datos.

2º) Para encontrar usuarios que acepten OFERTAS DE EMPREGO en empresas externas:

As oferta de emprego poden chegar dende:

a) FADEMGA:

- Presenta a oferta cos detalles de horarios, tarefas, etc. e solicita a nosa colaboración para buscar candidatos.

- Valoramos as condicións cos candidatos que están rexistrados como demandantes de emprego e/ou outros do Centro que non o están, por se puidese ser de interese para algún. En caso de que sexa así, poñémolo en contacto con FADEMGA, que continúa o proceso.

- Nalgunhas ocasións realízase un curso de formación previo, a partir do cal sairán os candidatos para ese posto; neste caso, presentamos a oferta a un grupo dos nosos usuarios e familias e eles deciden se queren participar no curso de formación.

b) FORNOS LAMASTELLE:

- O encargado de fábrica entrevista o usuario e, se procede, proponse un período de proba traballando en fábrica.

- Impartimos formación ao usuario a través do Programa de Inserción Laboral (ver CLL4 Ficha de Proceso de Habilidades Laborais)

- Durante o período de proba mantemos contactos co usuario e o encargado e realizamos un seguimento.

c) Outros: Cando chega unha oferta por outra vía, por exemplo, directamente dende unha empresa, eliximos un candidato axeitado entre os nosos usuarios e lle trasladamos a oferta a FADEMGA. A continuación, deixamos o proceso de aprendizaxe e integración no posto, en mans dos preparadores laborais de FADEMGA.

Os profesionais que apoian ó usuario neste proceso e as súas funcións son:

Traballadora Social:

- Detectar ofertas de emprego e rexistralas
- Apoiar o usuario e familia nas xestións necesarias
- Contactar con servizos de colocación e emprego

Psicóloga:

- Detectar demandas de emprego de usuarios e rexistralas
- Seleccionar candidatos para ofertas laborais
- Apoiar o usuario na súa integración laboral e realizar un seguimento

Educadora Social:

- Formar o usuario en Inserción Laboral